

# Historia de bruxa e do mozo soñador

Con vinte anos e o seu longo e negro cabelo, que de noite ondeaba no ar como un soño indeciso, ela era a máis bonita das bruxas.

El andaba tamén polos vinte e tiña os ollos cheos de luceiros, porque era un soñador.

Unha noite que paseaba el pola beiramar, no momento en que a lúa enche as augas de fósforo e de ilusións que naufragaron, encontrouse coa bruxa.

Tan linda lle pareceu que dela se namorou.

Ela deuse conta do sentimento que neles abrollaba, pero desapareceu silenciosamente nun dos recantos da escuridade.

O mozo agardouna noite tras noite e ao fin confioulle o seu amor. A bruxa sorriu alegre e díxose:

«É guapo e gústame; pero, que opinaría a xente se unha bruxa impasíbel e fría coma min se namora-

se de boas a primeiras dun mozo soñador? Non. Preferíbel será sometelo a unha proba.»

E propúxolle:

—Se me queres, tes que me traer algo que me encherá de ledicia.

—Dime que é e traereicho, porque na túa felicidade está a miña felicidade.

—Vai á fraga e cólleme o lirio de sete cores que medra entre silveiras.

Por el partiu o mozo.

O lirio de sete cores despedía un relaxante perfume e medraba nun clareiro oculto arrodeado de silveiras.

Meteuse o mozo nas silveiras, pois a flor, tan delicada que calquera movemento desaxeitado a estragaría, debía ser cortada coa man.

Os picos das silvas, sabedores do seu bo propósito, torcíanse brandamente para non ferilo. E se algún se lle cravaba en pel ou carne, el non o sentía, porque o anestesiaba o bálsamo do amor.

Cortou o lirio das sete cores e deullo á bruxa, que sorriu feliz.

O mozo reiteroulle canto a amaba.

Ela dicíase:

«Tamén eu o amo, porque é guapo e xeneroso, pero, que opinarían as outras meigas se descubrisen a tenrura dos meus sentimentos e a facilidade con



que a miña alma lle corresponde?... Pedireille unha segunda mostra de cariño. Mandarei que me traia a máxica pedra que aluma o templo de Moc.»

Viaxou o mozo deica o afastado templo de Moc, alí onde os homes lle chaman culto aos seus medos e soidades.

O templo de Moc cheira a xasmín e ten altísimas columnas de mármore que se alzan en espiral, como trepando sobre si mesmas.

Estatuas de dez metros reproducen episodios da vida de Moc, deus e fillo de deuses.

Agachado detrás das columnas, o mozo agarudou á noite; con ela sacerdotes e fieis marcharían descansar quedando o templo en completa quietude.

As faces das estatuas enchíanse á luz das candeas de xestos terroríficos que asustaban o mozo, pero o seu amor era máis forte que o medo e non desfaleceu.

A estatua do glorioso Moc presidía o recinto. Desde a súa fronte unha pedra vermella irradiaba a luz que as vinte e catro horas resplandecía.

Atento o mozo a calquera ruído, pois era coñecedor de que se o pillaban sería instantaneamente axustizado, agatuñou polas coxas do deus até chegar á man. Desde a man, por un brazo, empoleirouse nos ombros.

Desprende a pedra que iluminaba o templo, máis grande e pesada do que presumira, e con ela no

seu poder esperou a que de mañá cedo abrisen as portas.

Os sacerdotes, ao decatárense do roubo, ruxiron:

—Sacrillexio! Sacrillexio! Alguén roubou a pedra que aluma a casa de Moc.

Moc sorriu, porque o amor, que é un canto á vida, ten máis importancia para el que o culto, detrás do cal se esconden o medo e a morte.

Correu o mozo ao lado da bruxa e deulle a pedra de Moc.

Ela comprendeu que o amaba como xamais antes amara. Porén, dicíase:

«Quéroo, mais, que opinaría a xente dunha bruxa que por dúas pequenas demostracións de amor manifestase sentimentos tan humanos?»

Decidiu pórllle unha proba final para se asegurar de que o mozo merecía o seu cariño.

—Se de verdade me amas fai unha derradeira cousa por min. Nas terras de Aúr existiu unha lagoa que hai mil anos secou. Énchea de novo transportando neste caldeiro a auga desde o río.

O mozo trasladouse a Aúr para consumir a última proba. Logo, a bruxa entregaríalle o seu corazón.

O balde era de escaso volume para tan grande empresa e corría un ano seco.

Un sol brutal abrasaba as terras de Aúr e evaporaba a auga que o mozo traía.

Un mes despois, apenas se lograra facer un charquiño ridículo.

Acordou traballar de noite para, libre do sol, carrexar un maior volume de auga.

Vinte horas chegou a afanarse sen descanso, sempre con inútil froito, até que esgotado caeu en terra.

Comprendendo, triste, que nunca podería encher a lagoa, o que significaba que tampouco podería conseguir o amor da fermosa bruxa á que tanto amaba, morreu.

Conmovidoo sol por aquel corpo fatigado, que de amor morrera, converteuno nunha maxestosa nube gris.

A nube, desde ese día, achégase cada primavera ás terras de Aúr e coa súa auga enche a lagoa pola que morreu o mozo soñador.

A bruxa, que envelleceu sen achar a ninguén que tanto a amase, acode alí cando sente morriña.

Mirando o azul da auga recorda o mozo e pensa:

«Sinto que desaparecese porque eu o quería moito. Pero, claro, quen respectaría unha bruxa que tan polas boas entregase o seu corazón?»

# Conto de abril

Cantan as ras no río e o sol alaránxase sobre as montañas.

O viaxeiro detense.

Un moucho asómase ao niño para sacolexar a alfombra. Ver o viaxeiro e esquecer a intención, ante a ledicia de ter con quen parolar, é todo un.

—Terríbel, señor; terríbel —di para darse importancia.

O comentario asombra o viaxeiro, non por vir dun moucho, aos que varias veces sentira contar diabruras que chocaban graciosamente co seu xesto adusto, senón porque así, de boas a primeiras, non comprende a que se refire.

O moucho sácao de dúbidas.

—As ras, señor. Coaxan de mañá, de tarde e de noite. Coaxan no mencer e no crepúsculo. Coaxan en todo instante... Ao alboreceren os días mornos non lle hai quen durma. E despois do que aconteceu no tempo das augas aínda é peor.

—O tempo das augas? –pregunta o viaxeiro, seducido pola falsa indignación do moucho.

—Si... Por certo, como denominan vostedes, especie peculiar e non sempre admirábel dos humanos, esa época en que a terra, pasado o frío, estoupa en cores e aromas?

—Abril?

—Abril. Pois foille cousa dos Guillermes, señor, a familia da pozanca que está á dereita...

—Que lles pasou? –interésase o viaxeiro ante o silencio efectista do moucho.

—Que lles pasou?... De veras non o sabe?... Oh!... Algo estraño; moi estraño... Pero sucedeu durante o día, cando os seres intelixentes e delicados optamos por durmir. Que mellor cousa se pode facer durante o día senón durmir?

—Traballo ha custar coas ras –incita malevolamente o viaxeiro.

—Oh, as ras, eses batracios inmundos... Terríbel, señor. De veras. Coaxan e coaxan e coaxan. De cotío coas súas conversas arredor da política de comunidade, porque é do que discuten a maior parte da estación, da política de comunidade. Canto máis zouponas e ridículas son as criaturas máis lles còmpre a vida comunitaria...

—Pero o de abril... –aguilloa o viaxeiro.

—Estraño suceso o de abril. Moi estraño, certamente. Claro que non serei eu, compañeiro dos



astros que poetizan a noite, quen se rebaixe a entrar en trécolas. Se tal fixer confundiríanme cunha vulgar curuxa... Emporiso, señor, eu ouvín..., involuntariamente, como é natural, pero ouvín...

—De veras quer que llo conte?... Nese caso —segue antes de contestar o viaxeiro— aí vai.

Aclara a voz:

—Cada unha das pozas da ribeira pertence a un clan de ras. As maiores ocúpanas as familias grandes, as regulares as familias medianas e as fochanquiñas, como ben se entende, os solteiróns, que entre eses repulsivos batracios non abundan, xa que, como dixen, canto máis lúcido é un ser menos compañía lle cómpre.

En abril —continúa con desgairo— eses ínfimos individuos xúntanse para dárenlle a benvinda á estación das calores.

Celébrano co que para eles é un gran festexo: concursos de carreiras... (imaxina? Algo tan papán e primitivo como correr...), concursos de canto (con esas voces hu hu hu) e o verdadeiramente importante, o concurso de brincos.

Na última estación a ra Guillermina presentaba en sociedade os seus cinco fillos: Guillerme I, Guillerme II, Guillerme III, Guillerme IV e o Guillermiño.

O Guillermiño nacera cunha eiva nunha das patas e coxeaba notoriamente, polo que os cágados se rían del e deran en chamarlle Guillermeivado.

Para evitar burlas, o Guillermiño íase lonxe.

Sen máis compañía que o aire e o sol, botaba o tempo soñando. E soñaba, como as outras ras, en vencer no concurso de brincos.

As nubes condensábanse deseguida sobre o seu optimismo facéndolle patente o grotesco da aspiración.

Era tan ignorante que non sabía que os imperios se levantan sobre soños. E case sempre sobre soños equivocados.

Pequerrecho e verdeal, de ollos escuros e discretamente esbugallados, o Guillermiño cruza coa súa coxeira baixo as barbañas festivas que as ras estenden a primeiros de abril para festexaren a chegada da primavera.

Soña no concurso de brincos que se celebrará hoxe.

Pensara tomar parte, pero comprendeu que todos se burlarían del e da súa coxeira e houbo de se conformar co papel de espectador arredado.

Agora busca un sitio desde o que asistir á competición.

Un choupo xigante, que se levanta a uns metros das pozas, parécelle o mellor lugar.

Emperícase nunha galla desde a que se ve estupidamente o río.

A ra madriña salta á auga.

Comeza a competición.

Choutan os primeiros batracios cando acolá, nas gallas do choupo, unha voceciña feble se lamenta a carón do Guillermiño:

—Ánimas do bosque! Eses badocos liliputianos, berróns, trouleiros, con catro días de existencia e a esmorga que teñen. E eu, pola contra, aquí, sen dicir nin mu, a pesar de saber canto sei e de vivir por riba dos cen anos.

Quen así se expresa é a dríade do choupo. Unha dríade, excelentemente conservada para a súa idade, de grandes e churrusqueiros ollos cor de azafrán.

O Guillermiño encóllese avergoñado.

Á dríade, que non reparara na presenza daquel... obxecto de pel relucente, arregálselle os ollos.

A situación resulta embarazosa. *Ese obxecto* pertence sen dúbida ningunha á especie das ras, e ela, a dríade, acaba de falar mal, moi mal, das ras. Debería desculparse. Mais, como se encontra na súa residencia e orgullo non lle falta, volve os ollos ao ceo.

—E logo como te apañaches para subires deica acá?

Vai contestar o Guillermiño cando unha libeliña de longas ás se pousa a rentes del.

«Outro polainudo enriba de min», dise a dríade, educada de máis para manifestar en viva voz os seus pensamentos.



Conta o Guillermiño a historia e a libeliña preguntalle:

—Agradaríache gañar?

—Moito!

—Parvadas!... Parécelle que escolle pero non o fai. Só escolle o que lle aprenderon a escoller. Trivialidades, puf –sentencia a dríade abanando as pálpebras cor de índigo.

—Se para cada cousa hai un momento, tamén ha de haber un momento para a trivialidade –responde a libeliña. E consúltalle á ra—: Ti que cres?

—Eu daría canto teño por competir...

—Canto teño... E que tes?... Vangloria, soños parvos, trivialidade; iso é o que tes: trivialidade! –rosma a dríade.

—Só se participas saberás se pagaba a pena facelo, por iso te axudarei.

—E como me pensas axudar?

—Son vella e a miña vida esgotarase nuns instantes. Cando morra aspira o meu último salaio. Arríncame as ás e ponas no teu lombo. Nel medrarán até resistiren o teu peso... Fai o que che digo e o teu soño cumprirase.

O Guillermiño bebe o derradeiro alento da libeliña e pon as ás no seu propio lombo.

—O cego conduce o que non ve. Vaia dous! –comenta a dríade abanando as fermosas pálpebras cor de índigo.

Choutan as ras na herba.

Guillermo I, Guillermo II, Guillermo III e Guillermo IV, os irmáns do Guillermino, son os favoritos do torneo. Duros, valentes, arroutados: non existe contrincante do seu valer.

Acórdase, para que a emoción até o final se manteña, que os catro Guillerms pechen a proba saltando os últimos.

Salta o Guillermo I e... oh! Que maneira de brincar! Avantaxa a todas as ras anteriores.

Após del faino o Guillermo II, e gáñalle ao Guillermo I.

Incribelmente o Guillermo III supera ao Guillermo II.

Ao cabo, en apoteótico pulo, o Guillermo IV vence os outros tres.

O xuíz, un vello sapo con barbicha de cabra (postiza, naturalmente), diríxese aos reunidos non for caso que alguén, por non ter chegado a tempo, quede sen a oportunidade de competir.

Calan todos.

Dispónse a proclamar o triunfo do Guillermo IV cando, ao lonxe, unha voceciña débil, trémula, di:

—Eu.

É o Guillermino.

Aínda rosma a dríade o seu descontento cando o xuíz, un vello sapo con barbicha de cabra (postiza, naturalmente), se interesa por se alguén quer mellorar o brinco do campión.

O Guillermiño reúne forzas e di que el se atreve.

Nos primeiros intentos a voz non lle responde. Ao terceiro, si. Ao terceiro sénteno.

Unha multitude de batracios olla para el.



Gran desconcerto se produce ao recoñeceren o novo participante.

Á ra Guillermina conmóveselle o corazón.

O xuíz estuda as peculiaridades do caso.

Pular desde un choupo non ten precedentes na historia das festas de abril, mais, como a árbore medra lonxe da liña de partida, transixe e dá o sinal.

O Guillermiño lánzase ao baleiro entre unha apupada estrondosa.

As ás, aínda que invisíbeis, ao pasaren do escuro do arboredo á zona de sol, reverberan cunha luz súbita que enmudece os espectadores.

No vaivén mil brillos orixinan. Un marabilloso dourado ou un escarlata imperial; un belo violeta ou un verde que de premonicións tinxe o ceo; un forte laranxa ou un azul fulxente.

Do carmesí do amaranto ao albear da peonia un longo ooooooooooh! emite a multitude.

Despréndenselle as ás cerquiña da meta e o Guillermiño púsase máis aló do que ninguén chegou nunca.

As ras, estremecidas polo incríbel brinco, cantan alegres arredor del.

Esquecen o vello renguear e todo se volven vítores.

Xamais houbo nas pozas alguén como o Guillermiño. Viva o Guillermiño!, berran e berran.

O Guillermiño, a quen nunca apreciaran na comunidade, porque a natureza apenas tolera defectos, sente por fin un sucedáneo do amor: a admiración.

Cos ollos húmidos mira cara ao alto a tempo de ver as ás, que aínda se arrandean no ceo...

E agora, quizá vós pensedes que o Guillermiño fixo trampa, xa que voar non é o mesmo que saltar. Pois si; levades razón. Son cousas que acostuman suceder nos contos... e na vida.